

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**10922** *Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

O terceiro sector de acción social correspóndese con esa parte da nosa sociedade que sempre estivo presente nas accións que trataron de facer fronte ás situacións de desigualdade e de exclusión social. Se se considera que estas non están causadas por feitos conxunturais, senón pola persistencia de problemas estruturais económicos e sociais xeradores de iniquidade, o tecido social de entidades e asociacións que conforman o hoxe denominado terceiro sector de acción social postulouse en todo momento como unha vía de acción cidadá alternativa, ou ás veces complementaria, respecto da xestión institucional pública, con solucións nadas da participación social orientadas a evitar que determinados grupos sociais se vexan excluídos duns niveis elementais de benestar.

A actividade do terceiro sector de acción social, das súas organizacións e das persoas que o compoñen, nace do compromiso cos dereitos humanos e descansa nos valores de solidariedade, igualdade de oportunidades, inclusión e participación. O exercicio destes valores conduce a un desenvolvemento social equilibrado, á cohesión social e a un modelo de organización en que a actividade económica está ao servizo da cidadanía.

Malia a positiva evolución seguida pola nosa sociedade, a marxinación ou a exclusión a que se ven sometidos habitualmente determinados grupos aínda non encontrou unha adecuada corrección. De feito, nos últimos trinta anos, nos cales se produciu un desenvolvemento económico e social considerable, non se erradicaron as desigualdades, senón que estas persistiron, repercutindo intensamente sobre a vida dos grupos de poboación máis vulnerables.

Estes sectores sociais marxinados, colocados en situacións de vulnerabilidade ou en risco de exclusión, son o obxectivo humano das entidades do terceiro sector de acción social, para cuxo desenvolvemento e inclusión convocan a participación da sociedade civil, chamando a unha corresponsabilidade que concirne toda a cidadanía.

Desde esta posición privilexiada no coñecemento dos problemas sociais e dos métodos para enfrontalos, o terceiro sector de acción social desempeña un papel crucial no deseño e na execución das políticas contra a pobreza e a exclusión social. No exercicio deste rol é recoñecido o mérito da súa capacidade integradora, do seu papel activo na concienciación e cohesión sociais.

Por todo isto, resulta necesario establecer un marco regulatorio, a nivel estatal, que ampare as entidades do terceiro sector de acción social, de acordo co papel que deben desempeñar na sociedade e os retos que deben acometer as políticas de inclusión.

Proporcionar un marco xurídico ao terceiro sector de acción social dimana, mediata e inmediatamente, dos principios, valores e mandatos da Constitución española. Ao establecer o texto constitucional, como propósito, lograr unha sociedade democrática avanzada, e ao definir como social e democrático de dereito o Estado español, a norma fundamental está orientando a organización política, o ordenamento xurídico e a acción dos poderes públicos ao afondamento da democracia, incrementando a participación en todas as esferas; á protección dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, sen excepción de persoas e grupos, e á extensión gradual dos dereitos sociais para toda a

ciudadanía, asegurándose así unha existencia digna, o libre desenvolvemento da personalidade e unha vida en comunidade pacífica e equilibrada sustentada na liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político e a solidariedade.

Neste sentido, esta lei ten como obxecto fortalecer a capacidade do terceiro sector de acción social como interlocutor ante a Administración xeral do Estado para o deseño, aplicación e seguimento das políticas públicas no ámbito social, co fin de asegurar un desenvolvemento harmónico das políticas sociais, unha identificación correcta das necesidades dos grupos afectados e un óptimo aproveitamento dos recursos.

Unha das prioridades do Goberno é precisamente o impulso desta interlocución, e constitúe un exemplo sobresaliente dela no ámbito do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a creación da Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector de Acción Social. Desde a súa constitución en febreiro de 2013, este órgano de participación institucional foi un eficaz foro de encontro entre representantes da Administración xeral do Estado e a Plataforma do Terceiro Sector, que encadra as máis importantes entidades, organizacións e federacións do terceiro sector de acción social a nivel estatal. No seu seo, e mediante o diálogo, conseguíronse impulsar conxuntamente importantes medidas de interese público para o terceiro sector de acción social. Así mesmo, como materialización deste principio de diálogo civil e de colaboración activa, participación e consultas estreitas entre a Administración xeral do Estado e a representación do terceiro sector de acción social, a lei recolle a regulación por vía regulamentaria do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social. Trátase dun órgano colexiado, de participación, que se configura como un ámbito de encontro, diálogo, proposta e asesoramento nas políticas públicas de interese social, coa finalidade de institucionalizar a colaboración, cooperación e o diálogo permanentes entre o departamento ministerial titular das políticas sociais e de inclusión e a Plataforma do Terceiro Sector.

A lei, por tanto, garante a participación real e efectiva das entidades do terceiro sector de acción social, conforme o principio de diálogo civil, nos procedementos de elaboración, desenvolvemento, execución, seguimento e revisión de normas e políticas sociais, no ámbito da Administración do Estado, a través de órganos de participación, asegurando un mecanismo permanente de interlocución.

Aínda que durante as últimas décadas o terceiro sector de acción social se constituíu como un actor destacado na loita contra as situacións de maior vulnerabilidade social, o desenvolvemento do conxunto de entidades non lucrativas orientadas ao cumprimento de obxectivos de interese público, coa dimensión e relevancia que alcanza na actualidade, produciuse sen un amparo normativo propio de ámbito estatal.

Esta lei xorde co fin último de establecer uns contornos xurídicos nítidos e unha regulación propia, perfilando con claridade a natureza e os principios reitores da actuación das entidades que integran o terceiro sector de acción social, cuxa actuación non pode en ningún caso diluír a responsabilidade da Administración xeral do Estado, nin tampouco competir ou interferir con outras entidades comprometidas coa defensa dos intereses sociais nin coa actividade dos axentes sociais propiamente.

Así, a lei establece unha serie de principios reitores da actuación das entidades que integran o terceiro sector de acción social, sendo algúns deles de natureza organizativa, tales como ter personalidade xurídica propia, ser de natureza xurídica privada, non ter ánimo de lucro, asegurar a participación democrática dos seus membros ou ter carácter altruísta, e outros referidos á súa actuación, como a autonomía na xestión e toma de decisións respecto aos poderes públicos, a transparencia na xestión, promover a igualdade de oportunidades e de trato e a non discriminación entre todas as persoas, con especial atención ao principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e levar a cabo obxectivos de interese xeral e social.

Ademais, a lei prevé unha serie de medidas de fomento destas entidades, co fin de apoiar e promover os principios do terceiro sector de acción social, garantir a súa sustentabilidade e a súa participación nas políticas sociais e recoñecer, de acordo cos procedementos que regulamentariamente se establezan, a súa condición de entidades colaboradoras da Administración xeral do Estado, conforme o previsto na lexislación

vixente. En todo caso, e dentro do marco xurídico fiscal que sexa de aplicación en cada momento, as entidades do terceiro sector de acción social gozarán dos máximos beneficios fiscais recoñecidos con carácter xeral no réxime vixente de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, que se revisarán, sempre que sexa necesario, co obxecto de melloralo. Igualmente, establécense medidas de concienciación, para reforzar o papel destas entidades e consolidar a súa imaxe pública.

Finalmente, a lei prevé a aprobación polo Goberno, no prazo de doce meses desde a súa entrada en vigor, dun programa de impulso das entidades do terceiro sector de acción social. Este programa conterá diversas medidas, tales como a promoción, difusión e formación do terceiro sector de acción social, a súa cooperación cos servizos públicos estatais, financiamento, potenciación dos mecanismos de colaboración entre a Administración xeral do Estado e as entidades do terceiro sector de acción social, con especial atención ao uso de concertos e convenios, así como a participación institucional. Todo isto para garantir o reforzamento do papel das entidades do terceiro sector de acción social nas políticas sociais, deseñadas e aplicadas en beneficio das persoas e grupos, que sofren condicións de vulnerabilidade ou que se encontran en risco de exclusión social.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta lei é regular as entidades do terceiro sector de acción social, reforzar a súa capacidade como interlocutoras ante a Administración xeral do Estado, respecto das políticas públicas sociais, e definir as medidas de fomento que os poderes públicos poderán adoptar no seu beneficio.

#### Artigo 2. *Concepto.*

1. As entidades do terceiro sector de acción social son aquelas organizacións de carácter privado, xurdidas da iniciativa cidadá ou social, baixo diferentes modalidades, que responden a criterios de solidariedade e de participación social, con fins de interese xeral e ausencia de ánimo de lucro, que impulsan o recoñecemento e o exercicio dos dereitos civís, así como dos dereitos económicos, sociais ou culturais das persoas e dos grupos que sofren condicións de vulnerabilidade ou que se encontran en risco de exclusión social.

2. En todo caso, son entidades do terceiro sector de acción social as asociacións, as fundacións, así como as federacións ou asociacións que as integren, sempre que cumpran co previsto nesta lei. Para a representación e defensa dos seus intereses dunha forma máis eficaz, e de acordo coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e coa súa normativa específica, as entidades do terceiro sector de acción social poderán constituír asociacións ou federacións que, pola súa vez, se poderán agrupar entre si.

#### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei é de aplicación a todas as entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal, sempre que actúen en máis dunha comunidade autónoma ou nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

## CAPÍTULO II

**Principios reitores**Artigo 4. *Principios reitores.*

Son principios reitores das entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal, con independencia da súa natureza xurídica:

- a) Ter personalidade xurídica propia.
- b) Ser de natureza xurídica privada.
- c) Non posuír ánimo de lucro e ter carácter altruísta.
- d) Garantir a participación democrática no seu seo, conforme o que establece a normativa aplicable á forma xurídica que adopte.
- e) Actuar de modo transparente, tanto no desenvolvemento do seu obxecto social como no funcionamento, xestión das súas actividades e rendición de contas.
- f) Desenvolver as súas actividades con plenas garantías de autonomía na súa xestión e toma de decisións respecto á Administración xeral do Estado.
- g) Contribuír a facer efectiva a cohesión social, por medio da participación cidadá na acción social, a través do voluntariado.
- h) Actuar de modo que se observe efectivamente na súa organización, funcionamento e actividades o principio de igualdade de oportunidades e de trato e non discriminación con independencia de calquera circunstancia persoal ou social, e con especial atención ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- i) Levar a cabo obxectivos e actividades de interese xeral definidas así nunha norma con rango de lei e, en todo caso, as seguintes actividades de interese social:
  - 1.<sup>a</sup> A atención ás persoas con necesidades de atención integral sociosanitaria.
  - 2.<sup>a</sup> A atención ás persoas con necesidades educativas ou de inserción laboral.
  - 3.<sup>a</sup> O fomento da seguridade cidadá e prevención da delincuencia.

## CAPÍTULO III

**Participación**Artigo 5. *Participación.*

As entidades do terceiro sector de acción social incorporaranse aos órganos de participación institucional da Administración xeral do Estado, cuxo ámbito sectorial de actuación se corresponda co propio das ditas entidades. A representación nos ditos órganos corresponderá a aquelas organizacións que teñan ámbito estatal e que integren maioritariamente as entidades do terceiro sector de acción social.

## CAPÍTULO IV

**Acción de fomento**Artigo 6. *Medidas de fomento das entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal.*

1. As medidas de fomento do terceiro sector de acción social de ámbito estatal da Administración xeral do Estado son:
  - a) Apoiar e promover os principios do terceiro sector de acción social.
  - b) Adecuar os sistemas de financiamento público no marco da lexislación de estabilidade orzamentaria e, en todo caso, de acordo co previsto na normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado.
  - c) Fomentar a diversificación das fontes de financiamento, especialmente mellorando a normativa sobre mecenado e impulsando a responsabilidade social empresarial.

d) Impulsar a utilización dos instrumentos normativos que en cada caso resulten máis adecuados, para promover a inclusión social de persoas e grupos que sofren condicións de vulnerabilidade, persoas e grupos en risco de exclusión social e de atención ás persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

e) Garantir a participación do terceiro sector de acción social nas distintas políticas sociais, de emprego, de igualdade e de inclusión, deseñadas en favor das persoas e grupos vulnerables e en risco de exclusión social.

f) Recoñecerlles as entidades do terceiro sector de acción social, de acordo cos procedementos que regulamentariamente se establezan, o estatuto de entidades colaboradoras da Administración xeral do Estado.

g) Promover a formación e a readaptación profesional das persoas que desenvolvan a súa actividade en entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal.

h) Incluír nos plans de estudo das diferentes etapas educativas aqueles contidos e referencias ao terceiro sector de acción social precisos para a súa xusta valoración como vía de participación da cidadanía e dos grupos en que se integra a sociedade civil.

i) Promover as entidades do terceiro sector de acción social como un dos instrumentos relevantes para canalizar o exercicio efectivo dos dereitos á participación social da cidadanía nunha sociedade democrática avanzada.

j) Realizar medidas concretas destinadas a dinamizar a participación de mulleres no terceiro sector de acción social.

k) Promover e apoiar aquelas iniciativas orientadas á incorporación de criterios de xestión responsable nas entidades do terceiro sector de acción social.

l) Fortalecer e promover prácticas e criterios de bo goberno e de transparencia nestas organizacións.

m) Potenciar e facilitar as iniciativas de cooperación entre empresas e entidades do terceiro sector de acción social.

2. O Goberno, a través dos ministerios que teñan competencias sobre a materia, promoverá actuacións de fomento, apoio e difusión do terceiro sector de acción social.

3. Así mesmo, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e entidades locais poderán colaborar na promoción dos principios do terceiro sector de acción social. Especialmente, poderanse celebrar convenios de colaboración para promover determinadas actuacións específicas de fomento, difusión ou formación.

#### *Artigo 7. Programa de impulso das entidades do terceiro sector de acción social.*

O Goberno aprobará, no prazo de 12 meses desde a entrada en vigor desta lei, un programa de impulso das entidades do terceiro sector de acción social. Este programa reflectirá, entre outras, as seguintes medidas:

a) Promoción, difusión e formación do terceiro sector de acción social.  
b) Apoio á cultura do voluntariado, nos termos e nas condicións que fixe a lexislación sobre voluntariado.

c) Cooperación cos servizos públicos.

d) Financiamento público das entidades do terceiro sector de acción social.

e) Acceso ao financiamento a través de entidades de crédito oficial.

f) Potenciación dos mecanismos de colaboración entre a Administración xeral do Estado e as entidades do terceiro sector de acción social para o desenvolvemento de programas de inclusión social de persoas ou grupos vulnerables en risco de exclusión social e de atención ás persoas con discapacidade ou en situación de dependencia, con especial atención ao uso dos concertos e convenios.

g) Participación institucional prevista no artigo 5.

## CAPÍTULO V

**Órganos de participación**

Artigo 8. *Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social.*

Regularase regulamentariamente o Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social como un órgano colexiado de natureza interinstitucional e de carácter consultivo, adscrito á Administración xeral do Estado a través do ministerio que teña a competencia en materia de servizos sociais, concibido como ámbito de encontro, diálogo, participación, proposta e asesoramento nas políticas públicas relacionadas coas actividades establecidas na letra i) do artigo 4.

Artigo 9. *Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector.*

Regularase regulamentariamente a Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector coa finalidade de institucionalizar a colaboración, cooperación e o diálogo permanentes entre o ministerio que teña a competencia en materia de servizos sociais e a Plataforma do Terceiro Sector de acción social, constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, co obxectivo compartido de impulsar o recoñecemento do terceiro sector de acción social como actor clave na defensa dos dereitos sociais e lograr a cohesión e a inclusión social en todas as súas dimensións, evitando que determinados grupos de poboación especialmente vulnerables queden excluídos socialmente.

Disposición adicional primeira. *Garantía do respecto á repartición de competencias constitucional e estatutariamente vixente.*

A presente lei aplicarase sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas en materia de asistencia social polos seus estatutos de autonomía e na súa lexislación específica.

Disposición adicional segunda. *Inventario de entidades do terceiro sector de acción social e información estatística.*

1. O ministerio competente en materias de servizos sociais, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará e manterá actualizado un inventario das entidades do terceiro sector de acción social. O inventario organizarase en función dos diferentes tipos de entidades e en coordinación cos rexistros e catálogos existentes nas comunidades autónomas. A creación do inventario realizarase logo de informe do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social. O inventario terá carácter público, será accesible por medios electrónicos e conforme as normas vixentes en materia de accesibilidade universal.

2. Así mesmo, o ministerio competente en materia de servizos sociais realizará, en coordinación cos demais departamentos ministeriais competentes e coas comunidades autónomas, e logo do informe do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social, as actuacións que sexan necesarias para poder proporcionar unha información estatística das entidades do terceiro sector de acción social, así como das súas organizacións de representación.

Disposición adicional terceira. *Informe do Goberno.*

O Goberno, no prazo de dous anos desde a aprobación do programa de impulso das entidades do terceiro sector, remitirá ao Congreso dos Deputados un informe en que se analizarán e avaliarán os efectos e as consecuencias da aplicación desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento de gasto público.*

A regulación incluída nesta lei non poderá supoñer incremento do gasto público nin incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional quinta. *Actuacións finalistas a través da colaboración co terceiro sector de acción social.*

O contido desta lei enténdese, sen prexuízo da capacidade do Estado para promover actuacións finalistas a través da colaboración co terceiro sector, en ámbitos de actuación derivados do exercicio das súas competencias, en relación con colectivos específicos en condicións de vulnerabilidade ou que se encontran en risco de exclusión social, con respecto ás competencias das comunidades autónomas. En todo caso, calquera actuación pública en relación coas entidades do terceiro sector de acción social debe estar suxeita ao principio de concorrencia pública e á aplicación de criterios obxectivos e transparentes de concesión e adxudicación.

Disposición adicional sexta. *Pagamento das obrigas pendentes das comunidades autónomas e entidades locais.*

As obrigas pendentes de pagamento das comunidades autónomas e das entidades locais coas entidades do terceiro sector de acción social, como resultado de convenios de colaboración subscritos en materia de servizos sociais, terán o tratamento análogo ao doutros provedores, nos termos que legalmente se prevexan.

Disposición adicional sétima. *Axudas e subvencións públicas ás entidades do terceiro sector de acción social.*

En atención ao interese xeral a que serven e ás singularidades da súa natureza e actividades, dentro do marco xeral da normativa sobre subvencións, as bases reguladoras das convocatorias da Administración xeral do Estado recollerán as especialidades das entidades do terceiro sector de acción social en materia de apoios, axudas e subvencións públicas.

Disposición transitoria única. *Subvencións de concesión directa a entidades do terceiro sector de acción social.*

1. Durante o exercicio 2015, e mentres se establece o procedemento xeral, as entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal recoñecidas como colaboradoras coa Administración xeral do Estado, de acordo co establecido no Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, percibirán as subvencións de concesión directa que se sinalan a continuación, de conformidade co previsto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 66 do regulamento que a desenvolve. Nos casos en que se trate de federacións, confederacións, unións ou plataformas de entidades do terceiro sector de acción social, poderán ser beneficiarias das subvencións as entidades de ámbito estatal asociadas dentro das anteriores, o cal se determinará, de ser o caso, no convenio ou na resolución que canalice a subvención nos termos estipulados no número 2, e en virtude do previsto nos artigos 11.2 e 11.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. O seu aboamento efectuarase ás entidades, polos importes e con cargo ás aplicacións do orzamento de 2015, que se indican a seguir:

26.16.231F.480 «As institucións para vítimas do terrorismo».

Fundación Vítimas do Terrorismo, por un importe de 105.000,00 euros.

- 26.16.231F.486 «Para actuacións de acción social».
- Cruz Vermella Española, por un importe de 1.453.684,00 euros.
  - Cáritas Española, por un importe de 850.272,00 euros.
  - Fundación Acción contra a Fame, por un importe de 70.000,00 euros.
  - Plataforma de ONG de Acción Social, por un importe de 652.858,00 euros.
  - Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español, por un importe de 420.652,00 euros.
  - Plataforma do Voluntariado de España, por un importe de 442.260,00 euros.
  - Plataforma do Terceiro Sector, por un importe de 129.584,00 euros.
- 26.16.231G.483 «Para programas de infancia e familias».
- Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural, por un importe de 70.000,00 euros.
  - Unión de Asociacións Familiares, por un importe de 350.000,00 euros.
  - Plataforma de Organizacións de Infancia, por un importe de 1.133.574,00 euros.
  - Confederación Española de Asociacións de Pais e Pais de Alumnos, por un importe de 80.185,00 euros.
  - Confederación Católica Nacional de Pais de Familia e Pais de Alumnos, por un importe de 54.000,00 euros.
  - Federación Española de Familias Numerosas, por un importe de 228.000,00 euros.
  - Federación Nacional de Puntos de Encontro para o Dereito de Visitas, por un importe de 40.000,00 euros.
  - Foro Español da Familia, por un importe de 55.000,00 euros.
  - Federación Española de Bancos de Alimentos, por un importe de 85.000,00 euros.
  - Fundación Secretariado Xitano, por un importe de 211.431,00 euros.
  - Plataforma Khetané do Movemento Asociativo Xitano do Estado Español, por un importe de 40.000 euros.
- 26.17.231F.482 «Para programas de persoas con discapacidade».
- CNSE. Confederación Estatal de Persoas Xordas, por un importe de 240.000,00 euros.
  - Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, por un importe de 295.000,00 euros.
  - Confederación Autismo FESPAU, por un importe de 126.000 euros.
  - Confederación Autismo España, por un importe de 140.000,00 euros.
  - Confederación Española de Familias de Persoas Xordas (Confederación FIAPAS), por un importe de 235.000,00 euros.
  - Confederación Española de Agrupacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (FEAFES Confederación Saúde Mental España), por un importe de 187.000,00 euros.
  - Confederación Española de Organizacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e Afíns, por un importe de 165.000,00 euros.
  - FEAPS. Confederación Española de Organizacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento, por un importe de 430.000,00 euros.
  - Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica, por un importe de 1.142.000,00 euros.
  - Down España-Federación Española de Institucións para a Síndrome de Down, por un importe de 129.000,00 euros.
  - Federación de Asociacións de Implantados Cocleares de España-Federación AICE, por un importe de 20.000,00 euros.
  - Federación de Asociacións de Persoas Xordocegas de España, por un importe de 25.000,00 euros.
  - Federación Española de Dano Cerebral, por un importe de 91.000,00 euros.
  - Federación Española de Enfermidades Raras, por un importe de 323.000,00 euros.
  - Federación Española de Xordocegueira. FESOCE, por un importe de 14.000,00 euros.
  - Federación Española para a Loita contra a Esclerose Múltiple, por un importe de 33.000,00 euros.



Fundación ONCE para a Cooperación e Inclusión Social de Persoas con Discapacidade, por un importe de 153.000,00 euros.

Plataforma Representativa Estatal de Persoas con Discapacidade Física, por un importe de 352.000,00 euros.

2. O obxecto destas subvencións será o sostemento económico-financiero das estruturas centrais das entidades, que incluírá gastos correntes e os derivados do seu funcionamento ordinario.

3. Os requisitos dos beneficiarios, a súa acreditación, os gastos subvencionables, o órgano competente para a concesión das subvencións, os prazos, a forma de xustificación, entre outros, regularanse polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo seu regulamento de desenvolvemento, así como polo disposto pola resolución ou convenio que, de conformidade co disposto nos artigos 65 e 66 do citado regulamento, instrumentará cada subvención directa. A resolución ou o convenio poderán establecer que o aboamento da subvención se realice nun único pagamento anticipado, de acordo co previsto no artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Lexislación aplicable ás entidades do terceiro sector de acción social.*

As entidades do terceiro sector de acción social rexeranse pola lexislación específica que sexa aplicable en función da forma xurídica que adoptasen. A consideración de entidades do terceiro sector de acción social, conforme o establecido nesta lei, non escusa do cumprimento de todos os requisitos e condicións que estableza a dita lexislación específica.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, excepto o segundo parágrafo da disposición adicional segunda, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.31.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de estatística para fins estatais.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, e logo de consulta ao Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social e á Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector, ditará, respecto das entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY